

Completa cada oco cun indefinido axeitado para que a oración teña sentido.

- _____ lle dixo _____ que o deixou bastante preocupado.
- A min non me sirvas caldo, que teño _____ fame.
- _____ sabe _____ de Lucas? Teño _____ gana de falar con el.

Completa as oracións con contraccións dos demostrativos axeitados e os indefinidos *outro / outra / outros / outras*.

- A túa maleta non é esta, é _____ que está alí onda a porta.
- Esta chaqueta de cadros non me gusta, prefiro _____ que tes na man.
- Non me deas aqueles plátanos do andel, dáme _____ que están aquí no mostrador.
- Non comas ese pan reseco, toma _____ que acabamos de traer.

Arrodea os demostrativos das seguintes oracións e clasifícaaos segundo a distancia que expresan.

- Aqueles rapaces dixéronnos que ese autobús pasa polo centro.
- Collín na biblioteca eses libros e estes cómics.
- Non me valen nin esta pintura nin esa; preciso aquela máis clara.
- Este ano non nevou tanto... Lembras a nevada que caeu aquel ano que chegamos á vila?



Proximidade	Distancia media	Afastamento

Escribe a palabra primitiva a partir da que se formou cada palabra derivada.

- solló ▶ sol
- sarabiar ▶ _____
- neboento ▶ _____
- chuvia ▶ _____
- nubeiro ▶ _____
- nevarada ▶ _____

Risca en cada grupo o termo que non deriva da palabra primitiva proposta.

- libro ► librería libreiro librepensador libresco
- mar ► mariña mariñeiro maraña marítimo
- horta ► hortaliza hortensia horticultor horticultura

Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes palabras primitivas.
Usa o dicionario se o precisas.

- pedra ► _____
- persoa ► _____
- papel ► _____

Copia as seguintes palabras onde corresponda. A continuación, responde a pregunta.

- abrecartas
- salvamento
- baixamar
- crebadizo
- salvavidas
- baixeza
- crebacabezas
- abridor

	DERIVADA	COMPOSTA
abrir		
crebar		
salvar		
baixo		

- En que se diferencia unha palabra derivada dunha palabra composta? _____

Relaciona e escribe palabras compostas.

- salva • • gotas ► _____
- alto • • rollas ► _____
- conta • • vidas ► _____
- saca • • falante ► _____

